



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL
O DÍA 23-10-2019**

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 10.00 horas do día 23 de outubro de 2019, baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno municipal co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada en legal forma para o día da data.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Polo PSdeG-PSOE:

D. Miguel Ángel González Gómez.
D^a. Raquel Fondo Pérez
D. Faustino Santiago Lema
D^a. Noelia María Varela Suárez
D^a. Ana Pérez Imia
D. Salvador Eiroa Ameijenda
D^a. María Teresa Chouciño Calvete

Polo Partido Popular, PP:

D. Jesús Daniel García Cotelo
D^a. Marta María Carrillo Aguiar

Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes
D. Marco Antonio Varela Vidal

SRES. CONCELLEIROS/AS AUSENTES.-

D^a. Ana Pérez Lema

SECRETARIO ACCIDENTAL: D. EMILIO CAÍNZOS QUINTÁS

INTERVENTORA: D^a. LUCIA MATA RODRIGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión,.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Correspondente á sesión do Pleno celebrada o día 30-09-2019, ordinaria. En cumprimento do disposto no art. 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o ROF, o Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á acta anterior e non se presenta ningunha, e o alcalde somete a votación a súa aprobación, os señores concelleiros Pose Verdes e Varela Vidal, de APIN, abstéñense votando a favor os restantes concelleiros/as presentes, polo que o Pleno, por maioría absoluta, acorda a súa aprobación.

2º.- PROPOSTA DE APROBACION DA CONTA XERAL DE 2018.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2018.-

Finalizada a contabilización do exercicio 2018, de conformidade coa Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local), se procedeu á formación da Conta Xeral do Concello de Ponteceso para o citado exercicio

Segundo o artigo 209 do TRLFL e a Regra 44.2 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, a conta xeral estará integrada por: a conta da propia entidade local, a conta dos organismos autónomos, a das sociedades mercantís de capital integramente propiedade das entidades locais e as das entidades públicas empresariais. No caso do


CONCELLO DE PONTECESO

 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

Concello de Ponteceso ao non existir nin organismos autónomos nin sociedades mercantís de capital integramente municipal, nin entidades públicas empresariais a Conta Xeral está integrada unicamente pola Conta do Concello de Ponteceso.

De acordo coa Regra 45.1 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, as contas anuais do Concello de Ponteceso para o exercicio 2018 están integradas polos seguintes estados: - O balance. - A conta de resultado económico-patrimonial. - O estado de cambios no patrimonio neto - O estado de fluxos de efectivo - O estado de liquidación do orzamento. - A memoria.

Tales contas foron elaboradas seguindo as normas e axustándose aos modelos que se establecen na Orde antes citada.

Ademáis de conformidade co apartado 3 da mencionada Regra 45 aos estado anteriores, se une a seguinte documentación: - Actas de arqueo das existencias en caixa a final do exercicio. - Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesma a favor da entidade local referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.

A interventora informou o 20.08.2019 (referencia LMR CX18/2019)

O artigo 212 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais establece que a Conta Xeral será informada pola Comisión Especial de Contas.

O 03.09.2019 a Comisión Especial de Contas ditaminou favorablemente a Conta Xeral do Concello de Ponteceso correspondente ao exercicio 2018 nos termos e coa documentación que obra no expediente, dado que foi elaborada ao abeiro da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local e xa que consta de tódolos documentos exixidos pola citada normativa.

A Conta Xeral 2018, cós documentos que a xustifican e o ditame favorable da Comisión Especial de Contas, permaneceron expostos ó público na Intervención, durante os quince días hábiles comprendidos entre o 6 de setembro e o 30 de setembro de 2019 (ambos inclusive), mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 168 de data 5 de setembro de 2019 e que, durante o transcurso do citado prazo prazo e de oito días hábiles máis, NON SE PRESENTOU NINGUNHA RECLAMACION tal e como consta no informe de Rexistro de 17.10.2019

Por todo o anterior, **PROPOÑO** ao Pleno:

1º.- A aprobación da Conta Xeral do Concello de Ponteceso correspondente ao exercicio 2018 nos termos e coa documentación que obra no expediente, dado que foi elaborada ao abeiro da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local e xa que consta de tódolos documentos exixidos pola citada normativa.

O Sr. Alcalde en función pregunta se algún voceiro quere intervir, e ao non producirse ningunha intervención, somete a proposta a votación.

Sométese a votación a proposta, co seguinte resultado:

Votos a favor: Oito (8), os concelleiros/as do G.M. do PSdeG-PSOE.

Votos en contra: --

Abstencións: Catro (4), os concelleiros/as dos G.M. do PP e APIN.

Polo que, o Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

1º.- A aprobación da Conta Xeral do Concello de Ponteceso correspondente ao exercicio 2018 nos termos e coa documentación que obra no expediente, dado que foi elaborada ao abeiro da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local e xa que consta de tódolos documentos exixidos pola citada normativa.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

O Sr. Pose pide a palabra, manifestando o Sr. Alcalde que non procede, xa que se someteu a votación a proposta de acordo. E pásase ao seguinte punto incluído na orde do día.

3º.- INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN DAS OBRAS CONSIDERADAS IMPRESCINDIBLES, NECESARIAS E URXENTES NAS REDES DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO EN CORME, A CONSECUCIÓN DA ALERTA SANITARIA.-

O Sr. Alcalde manifesta que xunto coa convocatoria dou a orde de enviar a toda a Corporación copia do expediente completo sobre a alerta sanitaria sufrida en Corme, no que constan cantos informes, analíticas, comunicacións e documentación de toda clase para constancia e estudo. Tamén se lle remitiu a cada concelleiro a memoria das obras a realizar, os informes de Secretaría e Intervención, os cales eran desfavorables á tramitación das obras polo procedemento de emerxencia, abrindo a porta á tramitación de urxencia, sempre e cando mediaran informes e previamente se declarara a mesma. Na data de 21 de outubro emitíuse o informe polos servizos técnicos municipais, no Procédese a dar lectura á proposta de acordo.

PROPOSTA DE ACORDO TRAMITACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS CONSIDERADAS IMPRESCINDIBLES, NECESARIAS E URXENTES NA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN CORME A CONSECUCIÓN DA ALERTA SANITARIA. ANTECEDENTES.

O día 23-09-2019 declárase a emerxencia sanitaria pola Xefatura Territorial de Sanidade de A Coruña, da Xunta de Galicia, por mor dos casos clínicos detectados nos servizos de saúde do término municipal de gastroenterite e vómitos causados por Norovirus. O problema sanitario circunscríbese ao núcleo urbano de Corme-Porto e aconséllase non consumir a auga potable da rede municipal de abastecemento. A situación perdura ata o día 4 de abril cando a Xefatura Territorial de Sanidade da Coruña da por rematada a emerxencia sanitaria e levántase a recomendación de non consumir a auga potable, xa que as analíticas realizadas non detectan a presenza de axentes contaminantes.

O Concello de Ponteceso ten coñecemento dos brotes de gastroenterite en Corme-Porto ás 11 horas da mañá do luns 23 de setembro de 2019 por medio de comunicacións dos propios veciños.

O concello desde o primeiro momento puxo a dispor dos veciños todos os medios técnicos e humanos para tratar de paliar e solucionar a urxencia sanitaria, e así por medio dun laboratorio acreditado en ensayo e mostreo, e Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica (Uriker S.L.) desde o día 23 de setembro, día que como se dicía con anterioridade tivo o primeiro coñecemento do brote, leváronse a cabo as tomas para as analíticas, independentes das que estaba a realizar a Consellería de Sanidade e a empresa adjudicataria. Esta mesma empresa, Uriker S.L., xa fixera traballos na época estival, axudandonos a suprimir focos de contaminación na auga de baño en Corme e estivo diariamente en Ponteceso durante toda a crise e entregou o seu traballo final. segue a traballar, xa que terá que entregar un informe final o día 8 de outubro de 2019 coas conclusións finais.

Na data de 1 de outubro emítense informes, respectivamente, polos servizos técnicos municipais e pola adjudicataria do servizo Espina y Delfin SL nos que se conclúe que a causa da emerxencia sanitaria foi producida polo estado técnico do tanque de tormentas de Corme.

Na data de 11-10-2019 o Enxeñeiro de camiños, canles e Portos, colexiado núm. 23446, D. Vicente Lourido Vázquez, da empresa OGPO, presenta a memoria valorada encargada pola Alcaldía denominada "Obras de emerxencia na rede de abastecemento de auga potable de Corme: Tubaxe de adución e distribución xeral, e ETAP da Parroquia de Corme. Concello de Ponteceso.", cun orzamento base de licitación sen IVE de 333.180.95 euros, IVE 69.968 euros, total 403.148,95 euros.

Pola alcaldía pretendíase elevar directamente ao Pleno a proposta de adjudicar o contrato de emerxencia das obras contempladas na Memoria Valorada do Enxeñeiro de Canles e Portos D. Vicente Lourido Vázquez,



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

da empresa OGPO, presentada o 11-10-2019.

Na data de 18-10-2019 emítase pola secretaría informe desfavorable con respecto á utilización do procedemento de emerxencia, regulado no artigo 120 LCSP, no que como conclusións díse: *“En función do anteriormente sinalado, en aplicación do artigo 120 LCSP, das consideracións xurídicas e da xurisprudencia e doutrina precitada, pola parte da Secretaria se emite o **informe DESFAVORABLE para a tramitación do procedemento de emerxencia** para as “Obras de emerxencia na rede de abastecemento de auga potable de Corme: Tubaxe de adución e distribución xeral, e ETAP da Parroquia de Corme. Concello de Ponteceso.”, cun orzamento base de licitación sen IVE de 333.180.95 euros, IVE 69.968 euros, total 403.148,95 euros”, “Polo tanto, se dos informes se deduxera á imperiosa necesidade de acometer sen dilacións a renovación das redes, debidamente motivada, poderíase, se así se acorda, aplicar o artigo 119 da LCSP, no que se dí que poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes correspondentes aos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público.”*

Na mesma data emítase informe da intervención municipal na que se conclúe que emite **REPARO SUSPENSIVO** no caso de aprobar a tramitación de emerxencia para as obras incluídas na memoria redactada polo Enxeñeiro de camiños, canles e Portos, colexiado núm. 23446, D. Vicente Lourido Vázquez, da empresa OGPO, presenta a memoria valorada encargada pola Alcaldía denominada “Obras de emerxencia na rede de abastecemento de auga potable de Corme: Tubaxe de adución e distribución xeral, e ETAP da Parroquia de Corme. Concello de Ponteceso.”, cun orzamento base de licitación sen IVE de 333.180.95 euros, IVE 69.968 euros, total 403.148,95 euros.

Para realizar as obras sen dilacións e coa máxima celeridade o artigo 119 da LCSP establece o seguinte:

“Artículo 119 Tramitación urxente del expediente

- 1.** *Podrán ser objeto de tramitación urxente los expedientes correspondientes a los contratos cuya celebración responda a una necesidad inaplazable o cuya adjudicación sea preciso acelerar por razones de interés público. A tales efectos el expediente deberá contener la declaración de urgencia hecha por el órgano de contratación, debidamente motivada.*
- 2.** *Los expedientes calificados de urgentes se tramitarán siguiendo el mismo procedimiento que los ordinarios, con las siguientes especialidades:*
 - a)** *Los expedientes gozarán de preferencia para su despacho por los distintos órganos que intervengan en la tramitación, que dispondrán de un plazo de cinco días para emitir los respectivos informes o cumplimentar los trámites correspondientes. Cuando la complejidad del expediente o cualquier otra causa igualmente justificada impida cumplir el plazo antes indicado, los órganos que deban evacuar el trámite lo pondrán en conocimiento del órgano de contratación que hubiese declarado la urgencia. En tal caso el plazo quedará prorrogado hasta diez días.*



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

- b)** *Acordada la apertura del procedimiento de adjudicación, los plazos establecidos en esta Ley para la licitación, adjudicación y formalización del contrato se reducirán a la mitad, salvo los siguientes:*
- 1.º** *El plazo de quince días hábiles establecido en el apartado 3 del artículo 153, como período de espera antes de la formalización del contrato.*
- 2.º** *El plazo de presentación de proposiciones en el procedimiento abierto en los contratos de obras, suministros y servicios sujetos a regulación armonizada, que se podrá reducir de conformidad con lo indicado en la letra b) del apartado 3) del artículo 156.*
- 3.º** *Los plazos de presentación de solicitudes y de proposiciones en los procedimientos restringido y de licitación con negociación en los contratos de obras, suministros y servicios sujetos a regulación armonizada, que se podrán reducir según lo establecido en el segundo párrafo del apartado 1 del artículo 161 y en la letra b) del apartado 1 del artículo 164, según el caso.*
- 4.º** *Los plazos de presentación de solicitudes en los procedimientos de diálogo competitivo y de asociación para la innovación en contratos de obras, suministros y servicios sujetos a regulación armonizada, no serán susceptibles de reducirse.*
- 5.º** *El plazo de 6 días a más tardar antes de que finalice el plazo fijado para la presentación de ofertas, para que los servicios dependientes del órgano de contratación faciliten al candidato o licitador la información adicional solicitada, será de 4 días a más tardar antes de que finalice el citado plazo en los contratos de obras, suministros y servicios sujetos a regulación armonizada siempre que se adjudiquen por procedimientos abierto y restringido. La reducción anterior no se aplicará a los citados contratos cuando el procedimiento de adjudicación sea uno distinto del abierto o del restringido.*
- 6.º** *Los plazos establecidos en el artículo 159 respecto a la tramitación del procedimiento abierto simplificado, de conformidad con lo señalado en el apartado 5 de dicho artículo. Las reducciones de plazo establecidas en los puntos 2.º, 3.º y 5.º anteriores no se aplicarán en la adjudicación de los contratos de concesiones de obras y concesiones de servicios sujetos a regulación armonizada cualquiera que sea el procedimiento de adjudicación utilizado, no siendo los plazos a que se refieren dichos puntos, en estos contratos, susceptibles de reducción alguna.*
- c)** *El plazo de inicio de la ejecución del contrato no podrá exceder de un mes, contado desde la formalización."*

Na data de 21-10-2019 emítase o seguinte informe polos servizos técnicos municipais:

"INFORMA

O Obxecto do presente informe e a xustificación técnica para a tramitación pola vía de urxencia da execución de obras na "Rede de Abastecemento de auga potable en Corme", como consecuencia nas novas roturas acontecidas nas tubaxes de distribución xeneral o pasado xoves 17/10/2019.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

O artigo 119.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes correspondentes a contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable, ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público.

Sobre os feitos

As frecuentes roturas acaecidas nos últimos días (18/09/2019, 19/09/2019, 21/09/2019 e 17/10/19) no tramo denominado "As Forcadas" da rede de distribución xeral (baixada desde a ETAP de Corme cara á estrada AC-424 e continuación pola marxe da mesma ata alcanzar a tubaxe de PVC), comprometeron severamente a prestación do servizo de abastecemento de auga potable e ameaza a saúde dos seus usuarios (os patóxenos presentes no terreo poderían haberse introducido na rede, e os asbestos que conforman a estrutura dos propios tubos poderían ser parcialmente arrastrados polo fluxo de auga).

Por este motivo contrátanse os servizos técnicos da empresa OGPO para que desenvolvan un documento que permita mellorar o estado da rede existente, considerando a de facer con MÁIS URXENCIA: a substitución da tubaxe de fibrocemento existente (FCD=150) no tramo de "As forcadas" (baixada desde a ETAP de Corme cara á estrada AC-424 e continuación pola marxe da mesma ata alcanzar a tubaxe de PVC) por outra de maior sección e mellores características sanitarias (PEAD PN16 D=200); tamén se propón a modificación do trazado "co fin de mellorar o estado actual do sistema de abastecemento a Corme" eliminando a ocupación da rede actual a través de parcelas privadas e levándoa polos viais públicos existentes. Estimando como presuposto base de licitación á cantidade de CIENTO VINTE E DOUS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (122.251,20 €).

Con anterioridade o técnico redactor do presente informe alertou de que as tuberías de distribución xeneral para o abastecemento das augas actualmente son de fibrocemento e deberían substituírse a maior brevidade posible por tubaxes CPVC o PEX, xa que debido a súa antigüidade (maís de 25 anos) é moi probable a existencia de amianto "asbestos" en ditas redes, sendo un axente tóxico en caso de producirse algunha rotura. A Directiva 1999/77/CEE, tomando conciencia da gravidade deste axente tóxico, prohibiu a comercialización e o uso de produtos ou substancias que conteñan amianto desde xaneiro de 2005. Iso fraguouse no noso ordenamento xurídico mediante a Orde do 7 de decembro de 2001. O Real Decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicable aos traballos con risco de exposición ao amianto, constitúe a norma legal mínima en relación ao amianto no noso país.

Así pois, e co fin de tomar as medidas de prevención necesarias que impidan unha nova contaminación na rede de abastecemento de auga en Corme a través das redes xenerais, o técnico que emite o presente informe alerta da URXENCIA de execución de obras na "Rede de Abastecemento de auga potable en Corme", por ser dunha necesidade inaprazable e por razóns de interese público.

Informe

Unha parte importante da rede de distribución xeral ao núcleo de Corme atópase formada por tubaxes de fibrocemento de 150 mm de diámetro que xa esgotaron a súa vida útil (máis de 25 anos). Tendo en conta o establecido a Orde de 7 de decembro de 2001 pola que se modifica o anexo I do Real Decreto 1406/1989, de 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas sustancias e preparados perigosos ("O uso de produtos que conteñan as fibras de amianto, que xa estaban instalados ou en servizo antes da data de



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

entrada en vigor da presente Orde, seguirá estando permitido ata a súa eliminación ou o fin da súa vida útil") enténdese que resulta inaprazable a súa substitución. Ademais, unha parte importante do trazado das mesmas discorre por terreos privados (dificultando as operacións de mantemento e reparación que inevitablemente hai que realizar sobre elas) polo que resulta imprescindible modificar o seu trazado para instalalas baixo viais públicos.

A presenza dun material con amianto resulta inicialmente inofensiva para a saúde, pero sempre e cando coa condición de que o material atópese en bo estado e non sufra roturas. Ao sufrir roturas ou realizar algunha actuación de corte, o fibrocemento desprende partículas de amianto e é neste momento cando se converte nunha material altamente perigoso e nocivo para a saúde. Por este motivo a manipulación e retirada de tubaxes e todo tipo de materiais con fibrocemento só poderá ser realizado por unha empresa especializada e rexistrada no RERA (Rexistro de Empresas con Risco por Amianto), que ofrezca todas as garantías para a saúde.

Na actualidade a retirada de materiais con amianto é unha prioridade dada as numerosas instalacións con tubaxes de fibrocemento que conteñen este perigoso material canceríxeno en estado volátil. Isto é debido a que ata o ano 2002 non se prohibiu o seu uso en España, medida que chegou demasiado tarde deixando infestados tanto edificios públicos como privados con multitude de tubaxes que conteñen amianto, sendo as mesmas un grave risco para a saúde. Este motivo provocou que a retirada de tubaxes de amianto sexa unha prioridade para moitas persoas que non queren ter acceso na súa vida diaria a este perigoso material. As tubaxes de fibrocemento anteriores ao ano 2002, adoitaban estar formadas por fibras de asbestos o que as converte en case todos os casos en tubaxes perigosas para a saúde ante unha manipulación, rotura ou calquera acción que poida provocar a súa rotura e a liberación das partículas de amianto. Por iso, antes de realizar calquera tipo de manipulación ou retirada, debe poñerse en contacto cunha empresa rexistrada no RERA para que proceda a avaliar o risco e retirar ditas tubaxes de forma correcta, evitando que queden liberadas as partículas no aire podendo provocar un grave risco para a saúde en caso de ser inhaladas.

O fibrocemento é un material artificial composto de cemento e fibras de amianto ou asbesto (entre un 10 e 25% da mestura). O popular elemento, coñecido tamén como uralita ou internit, está prohibido pola relación entre a inhalación de po ou microfibras e graves doenzas causadas por esta contaminación. Caso de mesotelioma, un tipo concreto de cancro de pleura, e asbestosis, enfermidade rara que causa fibrose pulmonar, entre outras. O uso e fabricación de materiais de fibrocemento está prohibido por lei.

O principio de precaución aconsella substituír "de maneira urxente" estas conducións, sinalan os estudos consultados, debéndose de realizar con urxencia se hai indicios de rotura.

Así mesmo, argumentabamos que unha parte fundamental do grave problema que supón a presenza de amianto nas nosas redes de abastecemento e saneamento, consiste na exposición laboral e ambiental a este mineral canceríxeno, cando se realizan intervencións nestas redes, para resolver unha incidencia, avaría ou rotura, ben de forma inmediata, a través de actuacións de urxencia para retornar o servizo, ou a través de actuacións programadas. Ningunha exposición ao amianto é segura, por iso debe de ser retirado canto antes en caso de rotura ao provocar "un problema de saúde pública" nese estado.

Conclusiones

As constantes roturas no tramo denominado "As Forcadas" da rede de distribución xeral (baixada desde a ETAP de Corme cara á estrada AC-424 e continuación pola marxe da mesma ata alcanzar a tubaxe de PVC) obrigan a intervir con urxencia sobre dito tramo executado en fibrocemento, xa que ditas roturas son un problema constante e latente ante a presenza de amianto en suspensión. Así pois, a memoria técnica presentada por OGPO sobre a actuación a realizar sobre "As Forcadas" considérola como a mais idónea e con mais urxencia a executar, xa que consiste na substitución do tubaxe de fibrocemento mais deteriorado (FCD=150), por outro de maior sección e mellores características sanitarias (PEAD PN16 D=200).



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Os entes locais, de conformidade coas súas respectivas competencias, deben de velar pola xestión, control e distribución da auga de consumo público, polo tanto a actuación sobre o tramo "As Forcadas" pola tramitación de urxencia co obxectivo de actuar sobre as redes de abastecemento xeral da auga en mal estado e cumprir os fins sanitarios que deben cumprir as augas de consumo humano é de carácter ineludible, e ten unha necesidade inaprazable, polo que é preciso acelerar a execución dá mesma polas razóns de interese público segundo o artigo 119.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público."

Por todo o anterior, elevo ao Pleno a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Someter ao Pleno a declaración de urxencia para as obras no tramo denominado "As Forcadas" da rede de distribución xeral (baixada desde a ETAP de Corme cara á estrada AC-424 e continuación pola marxe da mesma ata alcanzar a tubaxe de PVC, cun orzamento ou presuposto base de licitación á cantidade de CENTO VINTE E DOUS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (122.251,20 €), incluídas na memoria ""Obras de emerxencia na rede de abastecemento de auga potable de Corme: Tubaxe de adución e distribución xeral, e ETAP da Parroquia de Corme. Concello de Ponteceso.", cun orzamento base de licitación sen IVE de 333.180.95 euros, IVE 69.968, euros, total 403.148,95 euros, segundo a memoria redactada polo Enxeñeiro de camiños, canles e Portos,colexiado núm. 23446, D. Vicente Lourido Vázquez, da empresa OGPO, para o cal redactarase o correspondente proxecto no que se incluírán os Pregos de Prescricións Técnicas. Nas restantes obras incluídas na memoria, unha vez que se dispoña do informe de APPLUS decidírase en base á súa motivación se entran no procedemnto de urxencia ou de licitación normal, consonte ao artigo 159 da LCSP.

Segundo.- Tramitar o expediente de contratación polo procedemento aberto simplificado segundo o establecido no artigo 159 da LCSP, coa redución dos prazos, consonte á declaración de urxencia do artigo 119 da LCSP, para a obra ""As Forcadas" da rede de distribución xeral (baixada desde a ETAP de Corme cara á estrada AC-424 e continuación pola marxe da mesma ata alcanzar a tubaxe de PVC", cun orzamento de licitación de CENTO VINTE E DOUS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (122.251,20 €), IVA incluído.

Terceiro.- Elaborar a correspondente de modificación de créditos para a dotación orzamentaria correspondente do gasto dimanante da licitación.

De conformidade co artigo 82.3 e 97.2 do ROF, sométese a votación a inclusión da proposta ao carecer do preceptivo ditame da Comisión Informativa, co seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10) os concelleiros/as dos G.M. do PSdeG-PSOE e APIN.

Votos en contra: --

Abstencións: Dous (2), os concelleiros/as do G.M.do PP.

Polo que, o Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA a inclusión na orde da "TRAMITACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS CONSIDERADAS IMPRESCINDIBLES, NECESARIAS E URXENTES NA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN CORME A CONSECUENCIA DA ALERTA SANITARIA."**

O Sr. Alcalde dí se algún voceiro quere intervir, pedindo a palabra o Sr. García Coteló que dí o seguinte:

Agora son todas presas e a correr. O problema de Corme foi pola conexión á rede de auga do saneamento. ¿Cómo se pode consentir a conexión das augas fecais á rede potable? ¿Ónde están os informes técnicos?. Iste foi o problema. Agora veñen cinco mil informes e auditorías. O problema non foi causado polo estado das tuberías. O tubo ven reventando desde hai moito tempo. Os informes de Augas de Galicia sobre a Edar de Corme, de datga 06-06-2018, din moito. Non hai mantemento no tanque e EDAR, ¿Qué fixo vostede?. Nada. Isto xa o facían os



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

romanos, pan e circo. Isto é o que vostede fai. Saímos nos medios e non pola festa do percebe, saímos pola “merda” que votou na auga. Poderá facer o que queira, pero xa responderá diante dos vecinos e cando o apreten no xulgado. Non hai que correr tanto, o problema non xurdiu en As Forcadas. ¿Ónde está o informe? A rotura da tubaxe non é o problema.

O Sr. Alcalde dí que o Sr. García Cotelo está no PP, non está en ningún grupo independente. Digo isto porque A Xunta de Galicia, por medio de Augas de Galicia, investirá 17 millóns de euros en investimentos do ciclo da auga. Sabe vostede cánto destiña a Ponteceso, pois cero euros. E digo cero euros, pero non xa neste o no vindeiro orzamento, digo cero euros en catro anos. Ponteceso non existe para Augas de Galicia.

O Sr. Pose Verdes pide e palabra e manifesta que no anterior punto non se permitiu dicir nada da Conta Xeral, e ista vai con retraso, este ano tamén, e isto foi motivo da perda de subvencións e seguerá sendo, pero bueno a vostede vése que lle da o mesmo. En canto ao tema da auga vale que diga o que queira sobre min. O día 11-11-2016 entregouselle a documentación relativa á licitación do ciclo da auga. Tivemos sete versións diferentes dos pregos corrixidas por vostede. Tiñamos todo preparado para licitar, pero foi votado por vostede para atrás. Desde esa data tivemos varias reunión do grupo de goberno, e se dicía que se tiña que licitar o ciclo da auga. E así chegamos a decembro de 2017 coa crise de goberno, e asinamos un papeleño no que se comprometía a votar adiante a licitación do ciclo da auga. E agora ven a dicir que nós non quixemos. Sabe que entrou en vigor a nova normativa de contratos e o ciclo da auga non se licitou. E agora dí que había que escoller entre o alumeadado público e o ciclo da auga, cando as dúas eran urxentes. Vostede foi quen retrasou o expediente e o responsable de que non se licitara o ciclo da auga. Era moi urxente amañar o tema do alumeadado, e vostede o sabe, supoño que non quere que faga públicos os motivos, porque podería acabar no xulgado.

Estamos de acordo en que se debe facer esta obra, se ben o ciclo da auga ten outros tres puntos urxentes. En canto ao tema da depuración, debo dicirlle que durante catro anos iba dúas veces ao día a Corme, sempre co mesmo problema. O estado do tanque de tormentas dí moito, non entendo cómo se pode poñer unha conexión cun tubo de 200 mm, engadirlle unha manguera e conectala á rede. Foi un erro moi grande de alguén. Eu non son fontaneiro, nin tampouco enxeñeiro, pero iso que dí no informe non me cabe na cabeza. Tivo sorte, só sucedeu isto, pero hai moitas outras cousas que van suceder. Vostede é responsable. Debemos mirar á “Sogama da auga”, xa que pode interesar. Os problemas están aí, e sucederán, ao igual que no alumeadado, e se quere falo do alumeadado.

O Sr. García Cotelo manifesta que as obras as tiña que ter feitas desde hai catro anos. Os problemas subsisten. Sanidade continúa a facer analíticas e controis. Non nos fai falta que nos busque a cinco mil empresas, Sanidade é a que controla.

O Sr. Pose Verdes dí que o tema do anterior Pleno non é tema, porque non houbo Pleno. Nas obas sí estamos de acordo. Imos votar a favor, sen considerar se son as máis urxentes ou non.

O Sr. Alcalde dí que quere agradacer o tono deste Pleno, o cal se celebra con unha documentaciónb. A empresa OGPO é a que aconsella ao goberno das medidas a adoptar. Polo que pido o apoio do Pleno para as obras a executar. Con respecto á empresa URIKER, a que fai as analíticas, e APPLUS, a que está a auditar á rede, e busca a causa da emerxencia, non podemos adiantar máis pois hai unha investigación en marcha e debemos ser prudentes. O orzamento non contempla o crédito, pero agradezo o apoio do Pleno.

O alcalde considera rematado o debate e somete a votación a proposta de acordo “TRAMITACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS CONSIDERADAS IMPRESCINDIBLES, NECESARIAS E URXENTES NA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN CORME A CONSECUENCIA DA ALERTA SANITARIA.”, co seguinte resultado:



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Votos a favor: Dez (10) os concelleiros/as dos G.M. do PSdeG-PSOE e APIN.

Votos en contra: Un (1), a concelleira do G.M. do PP, Sra. Carrillo Aguiar.

Abstencións: Un (1), o concelleiro do G.M.do PP, Sr. García Cotelo.

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

Primeiro.- Someter ao Pleno a declaración de urxencia para as obras no tramo denominado "As Forcadas" da rede de distribución xeral (baixada desde a ETAP de Corme cara á estrada AC-424 e continuación pola marxe da mesma ata alcanzar a tubaxe de PVC, cun orzamento ou presuposto base de licitación á cantidade de CENTO VINTE E DOUS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (122.251,20 €), incluídas na memoria "Obras de emerxencia na rede de abastecemento de auga potable de Corme: Tubaxe de adución e distribución xeral, e ETAP da Parroquia de Corme. Concello de Ponteceso.", cun orzamento base de licitación sen IVE de 333.180.95 euros, IVE 69.968, euros, total 403.148,95 euros, segundo a memoria redactada polo Enxeñeiro de camiños, canles e Portos, colexiado núm. 23446, D. Vicente Lourido Vázquez, da empresa OGPO, para o cal redactarase o correspondente proxecto no que se incluírán os Pregos de Prescricións Técnicas. Nas restantes obras incluídas na memoria, unha vez que se dispoña do informe de APPLUS decidírase en base á súa motivación se entran no procedemento de urxencia, art. 119, ou de licitación normal, consonte ao artigo 159, da LCSP.

Segundo.- Tramitar o expediente de contratación polo procedemento aberto simplificado segundo o establecido no artigo 159 da LCSP, coa redución dos prazos, consonte á declaración de urxencia do artigo 119 da LCSP, para a obra "As Forcadas" da rede de distribución xeral (baixada desde a ETAP de Corme cara á estrada AC-424 e continuación pola marxe da mesma ata alcanzar a tubaxe de PVC", cun orzamento de licitación de CENTO VINTE E DOUS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (122.251,20 €), IVA incluído.

Terceiro.- Elaborar a correspondente modificación de créditos para a dotación orzamentaria correspondente do gasto dimanante da licitación.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión ás dez horas e trinta e cinco minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta que asinan conxuntamente o alcalde e o secretario accidental.

O Alcalde
Asdo.: Xosé Lois García Carballido

O secretario acctal.
Asdo.: Emilio Caínzos Quintás